


APRENDE COAS MULLERES GALEGAS

actividades



Ilustracións: Tania Solla
Textos: Polo Correo do Vento

MARÍA PITA

(Cambre 1560 – Cambre 1643)

foi unha comerciante galega,
defensora da cidade da Coruña
ante o ataque do pirata Drake.

No ano 1589, cando a cidade da
Coruña estaba a piques de renderse,
estando cercada polas tropas

inglesas do almirante inglés Drake, unha muller chamada María
Mayor Fernández de Cámara y Pita, coñecida por todo o mundo por
María Pita, comanda a resistencia da cidade baixo o lema
“Quen teña honra que me siga”.

Ela, xunto a outras mulleres da Coruña, como Inés de Ben, conseguen
que os ingleses non poidan tomar a cidade. Este feito, fixo que o rei
Filipe II recompensase polo seu heroísmo a María Pita cunha pensión
mensual de cinco escudos, e co permiso de poder exportar libremente
mulas a Portugal.

E ti, queres saber máis?


Sabías que
María Pita era filla dos
propietarios dunha tenda
do barrio da Peixería
da cidade da Coruña
e que comezou traballando
no negocio familiar?

MULLERES GALEGAS

nomea

María Pita foi unha muller que tivo moitos recoñecementos e espazos nomeados na súa honra: o barco que levou a vacina da varíola a América chamábase María Pita, ao igual ca unha praza da Coruña, un avión de Iberia ou un autobús do Castromil.

Revisa as fichas do programa *Aprende coas mulleres galegas* e busca algunha muller pioneira da aviación para **nomear un avión**, outra relacionada coa sanidade para poñer **nome a un hospital**, outra relacionada co mundo do mar para poñer **nome a un barco** e por último escolle unha muller da túa contorna para **nomear unha praza**.



Colorea esta
peixeira e debuxa
o seu posto de venda
con moitos produtos
do mar

MULLERES GALEGAS

colorea



Sabías que
na cidade da Coruña
hai unha casa museo
e unha escultura
adicadas a María Pita?

MULLERES GALEGAS

visita

Lamentablemente se nos poñemos a pensar hai moitas máis esculturas e museos adicados a homes que a mulleres, polo que aínda queda moito por facer para acadar a igualdade.

A continuación achegamos unha pequena escolla de espazos adicados a mulleres para que poidas facer unha ruta por Galicia:

- 1 Casa museo de María Pita. A Coruña
- 2 Casa museo de Emilia Pardo Bazán. A Coruña
- 3 Mural "Greleira de 50 pés". Ordes
- 4 Escultura a Rosalía de Castro. Alameda de Santiago de Compostela
- 5 Escultura e parque adicado a Carolina Otero. Valga
- 6 Casa de Rosalía de Castro. Padrón
- 7 Casa museo da Muller Labrega. Covas, Meaño
- 8 Mural adicado a María Victoria Moreno. Pontevedra
- 9 Monumento a Concepción Arenal. Ourense
- 10 Muller na ofrenda a San Ramón. Museo Provincial de Lugo

Se queres, podes facer a túa propia lista anotando outros espazos adicados a mulleres.

Deseñar espazos para toda a sociedade no que as mulleres se atopen representadas é unha das temáticas da arquitectura das mulleres

MULLERES GALEGAS

deseña

Deseña unha escultura dunha muller da que quixeras facer unha homenaxe colocando esa obra no medio dunha praza.



Que muller sería?
Por que escolliches
esa muller?

Sabías que María Pita
foi desterrada da cidade da
Coruña en 1596?

MULLERES GALEGAS

relaciona

Investiga as mulleres que citamos a continuación
relacionándoas co lugar onde viviron.

María Victoria Moreno

A Coruña

María Pita

Pontevedra

Xela Arias

Ourense

Pura Vázquez

Vigo

Maruja Mallo

Lugo

Julia Minguillón

Viveiro

Ana Peleteiro

Santiago
de Compostela

Vero Boquete

Ribeira

Soluciona
as túas
actividades

MULLERES GALEGAS

soluciona

relaciona

